

ESPECIAL ARTE

- *Digresións 2004-2008*
Fino Lorenzo



Digresións 2004-2008

FINO LORENZO

Desacougo pendular diante do gran papel. Temor reverencial polo branco baleiro. Así é, din, a mirada, a paisaxe dos cegos. E cando por fin te decides a suxeitar o lapis chumbo, confiado no seu efecto sedante, na súa capacidade de xerar mundos, e aplicalo, como un colirio, sobre o branco dolorosamente infinito, entón dáste conta de que esa liña famenta, esa raia que activa todos os teus mecanismos depredadores, ese trazo que esixe máis e máis, deixa ao descuberto as mesetas, desfiladeiros, vales e demais accidentes da nada. E sabes que poderías quedar aí toda a tarde, todo o día, toda a semana incluso, como diante da parede de Chico Carlo pintada pola humidade, esperando que acudan as paisaxes, os actores e as batallas, porque unha raia no baleiro mesmo, aínda tendo menos posibilidades que o baleiro mesmo, é aínda rica en suxestións, e por iso temes o instante en que te sintas impelido a tender a man de novo, porque non podes quedar así toda a vida, sabendo que estás entrando na atmosfera e construíndo un espazo, consciente xa da dramática perda de posibilidades cada vez que o lapis chumbo se achega ao papel, ata que non che queda nada que non sexa engaiolarte na maraña de trazos que ti mesmo levantaches. Baleiros cheos de intentos.

E desexando enfrontarte outra vez, como un vello adicto, á posibilidade total, recolles e enrolas lentamente o gran acuario e esquécelo baixo chave no armario.

Diarios Persoais

Selección

16 DE MARZO 2004

Desde hai meses teño en mente desenvolver unhas caixas que realicei hai varios anos. Ofrecen un aspecto humilde: cartón, papel, madeira, cordel e ocasionalmente algo de plástico. Algunhas, a maioría, foron esnaquizadas tras algún arrebato, outras construídas sen ningunha finalidade, parecen manter aínda, a pesar do tempo transcorrido, certo interese.

Necesito recuperar o pracer e a sorpresa do xogo. Quero pensar que, entre recortes e cordeis tensados, pode aparecer un resorte oculto que esperte en min o impulso e o gozo.

25 MARZO 2004

Teño diante de min as caixas realizadas nos últimos días. Só un terzo, nin iso, mantén viva unha pequena lapiña. Cal se apagará primeiro?, canto tardará a lapa da última en apagarse?

5 DE MAIO 2004

Superposición de formas transparentes, a acuarela crece, vital e despreocupada, desde o papel, dotando de profundidade o espazo existente entre o ollo e o taboleiro. Ver máis lonxe é mirar a través dos obxectos.


Así, na súa imaxe final, a acuarela íspe o seu propio proceso.

2 DE AGOSTO 2004

Improvisacións ao axexo do achado libre e gratuito, invocando a sorpresa no seguinte achegamento, na próxima mancha. Coma un solo de jazz.

10 DE AGOSTO 2004

Estou ollando as caixas sobre a parede. Son construcións malas, estáticas. Non me preocupa a ausencia de atractivo visual, incluso podería desexar que fosen anódinas e grises. Pero necesitan ese plus que obriga ao ollo a volverse



CALABUCH
65x50 cms
Relevo / papel
2005

20 DE XANEIRO DE 2005

Intento a primeira escultura exenta. Onte estiven traballando nos relevos. Nos dous casos, os resultados son catastróficos. A escultura exenta non se mantén en pé.

O arte só ten sentido se define un problema ao que hai que darlle unha solución propia. O problema pode ser prestado, non así a solución.

5 DE FEBREIRO 2005

Creo estar conseguindo algún resultado cos relevos. Necesito ter coidado coas madeiras curvadas pois protagonizan excesivamente a composición. Prefiro os fragmentos, as liñas cortadas, os camiños a ningunha parte.


2 DE ABRIL 2005

Diante dos relevos observo que as paralelas están desaparecendo. O ritmo, caótico, está composto por rectas que se cruzan e diagonais que se cortan sen que se observe unha mínima correspondencia. Os últimos relevos parecen concibidos como formas xirando en torno a un centro imantado, unha especie de remuíño. Recordo o conto de E. A. Poe e práceme observar, tras unha aparencia construtiva e ordenada, un conxunto de forzas irracionais ás que non podemos opornos, un fluído en movemento imposible de frear, como se detrás de cada construción durmisen unha espiral.

27 DE MAIO 2005

Levo todos estes días facendo *collages* e debuxos sobre un vello álbum de fotos. Son grafismos que lle deben moito aos papeis vexetais da semana pasada.

O *collage* non é soamente un recorte ou unha fiestra. Ese non é mais que o



OS AMORES
DO CALÍGRAFO
E A TRAPICISTA
29x40x7 cms
Construción
2005

camiño que leva a activar un *collage* mental. Un *collage* antes de atoparse co papel. Pensar en *collage*.

Porque diante dun *collage* tes a sensación de que non todo está resolto, e que pese á súa aparencia obxectiva sempre queda algo a medio camiño, inasible, pois o *collage* non é propiamente unha forma senón un traxecto entre dous planos diferentes.

1 DE XUÑO 2005

Esta noite soñei cunha serie de xilografías que realizaba sobre un soporte de *collage* e papel prata. Este xiraba sobre si mesmo en cada novo gravado, e tamén a primeira prancha, con tinta vermella. A segunda, en negro, mantíñase fixa. Nas dúas pranchas, un bocadillo recollía a lenda: “todo en orde, meu capitán”.

21 DE XUÑO 2005

Terceira escultura exenta, maior que as anteriores e tamén baseada en estruturas triangulares. Aí están, no chan, as tres xuntas, sen poder negar o seu parecido.


2 DE AGOSTO 2005

A randeeira só existe no arrandeo. Quieto non é máis que un humilde e incomodo asento.

Destruída a terceira construción exenta.

23 DE AGOSTO 2005

Levo case tres semanas cunha escultura pendurada que foi medrando día a día coas súas inevitables recaídas e derrubamentos parciais. Unha vez destruída



SCHÖENBERG
150x160 cms
Acuarela, gouache, óleo e grafito sobre papel
2006

a primeira e única construción colgante, parte dos seus elementos integráronse na nova. O título presentouse no momento xusto de acabala, como un alustro, como unha imposición: Rosebud.


8 DE SETEMBRO 2005

Quedei parado sen saber como continuar. Tendo a mirada sobre os traballos que están á vista e examino os blocs de debuxo, o primeiro dos cales é de xaneiro de 2004. E penso que o conxunto do meu traballo segue unha estrutura circular, en círculos concéntricos, ou mellor aínda, unha espiral ou un remuíño. Creo que non xurdo da periferia para achegarme ao seu centro, senón que, ao contrario, saio do ollo para expandirme sobre terreos máis calmos e firmes. Por tanto, debido ao seu carácter circular, non é tanto un progreso como unha actualización continua.

Todo está na propia obra, na súa totalidade ou nos seus anacos. Ela condúctete ao seguinte paso. Non existe, polo tanto, ao fin, só a inmersión nun proceso. A obra é sempre incompleta e a súa aparencia ruda e inacabada.

12 DE SETEMBRO 2005

Aos que se crean enganados pola arte, podo dicirlles que existe a mesma posibilidade cun vendedor ou un fontaneiro. Ás veces penso que o engano xace aí, no fondo, á marxe da nosa existencia, moito antes de que se estrague a billa, pero soamente coa chegada do fontaneiro asumimos a reserva consciente diante do engano. O fontaneiro saca á luz a sospeita do engano que estaba atascada.



DORA MAAR
44x50 cms
Grafito, acuarela e
sanguina sobre
papel
2007

28 DE SETEMBRO 2005

Dou por acabada unha caixa que aínda non ten título. En paralelo realicei dous estudos en pequenas caixas cun fondo de color azul ultramar. Pouco a pouco a densidade do interior das caixas vaise reducindo. O pequeno excita o noso sentido de protección, da responsabilidade. O pequeno antóllasenos fráxil e ese sentimento que suscita en nós é o que lle garante unha longa vida.


7 DE ABRIL 2005

Esta semana dediqueilla ás caixas con bos resultados: unha caixa de ancho marco azul metalizado, con pouco fondo, que resolvín cunha construción básica e sintética. Outra caixa que estaba en corentena desde setembro e que, nesta remodelación, sostén uns elementos en expansión. Por último, aproveitando unha pequena caixiña (26x7 cms) que me dera Siro, realicei unha xoguetona construción caligráfica. Unha modesta homenaxe a Lázaro Enriquez que morreu a finais do ano pasado.

21 DE XANEIRO 2007

Hoxe resolvín unha caixa que titulei *A parábola dos cegos segundo Brueghel*. Obsesioname esta pintura e o gravado correspondente, pois responde á idea de progreso condicionado que rexe no meu traballo, ademais de expresar a súa fragilidade.

Ao mesmo tempo, realicei unhas pequenas construcións exentas, sete en total, que son como mínimos exercicios, os primeiros moi simples, que van gañando en complexidade e tamaño.



DORA MAAR
32x45 cms
Grafito, acuarela e
sanguina sobre
papel
2007

Mentres preparo os bastidores e as teas para pintar ao óleo durante os próximos meses, deixo en corentena unha nova escultura suspendida. Cando a trasladei para colgala nunha esquina apartada, caeume ao chan onde, como un acordeón, esmagouse polo seu propio peso. E como un acordeón recuperou a súa forma inicial en canto a elevei, sen máis dano que a descolocación dun par de variñas. Fíxome moi feliz a súa boa resistencia.

30 DE AGOSTO 2007

Pintar como sinónimo de gobernar, de navegar a vela. As decisións tómanse en función do contexto. Pintar é permitir a existencia do azar para lidar con el, a necesidade dun contrincante co que loitar.



23 DE SETEMBRO 2007

Pintar cada cadro como se fose unha nova aventura. Cada mancha suporá afirmarse nun camiño incerto. E a partir de certo momento, e certo estado da pintura, asumir que podes caer ou conquistar algo que existe á marxe de ti e do que podes sentirte sorprendido e orgulloso.

4 DE OUTUBRO 2007

Un aspecto moi importante da pintura é a frescura. A ilusión de espontaneidade. Pintar cada mancha como si estiveses abraiado da anterior, como se cada achegamento da brocha estivese corrixindo un erro e esa forma resultante fose á súa vez un erro por zorregar, de maneira que a pintura nunca acaba como estaba prevista. Pero hai unha lóxica; co trazo máis inesperado e audaz pode emerxer unha nova forma, sorprendente, que xurdiu polo camiño equivocado.

TATI
32x45 cms
Grafito, acuarela e
sanguina sobre
papel
2007



ÍCARO
32x45 cms
Grafito, acuarela e
sanguina sobre
papel
2007